

## ACTA

En Arzúa, a 5 de xullo de 2018.

Sendo as 13.10 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora, que cualificará o exercicio sobre **coñecementos do idioma galego**, de que consta a terceira fase deste proceso de selección -mediante concurso- para **poder seleccionar ás cinco persoas que serán contratadas, na modalidade de “contrato eventual por circunstancias da produción” para a realización do programa de integración laboral (PIL)**, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial da Coruña, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Cuarta das aprobadas por decreto do alcalde ditado con data 28 de maio de 2018, e iso, por un período de cinco meses, cunha xornada de traballo de vintecinco horas semanais

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

•Presidente: Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do Concello de Arzúa*).

•Vogais:

- Jesús Rúa Taboada (*condutor e operario de servizos varios*)

- Ramón Verea Castelo (*encargado de mantemento dos servizos municipais*).

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que seguidamente se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego; cuxo exercicio consistirá en traducir directamente catro frases do castelán ao galego, nun tempo máximo de dez minutos, sen axuda de dicionario.

Deseguido os integrantes da Comisión Seleccionadora concretaron as catro frases que terían que traducir do castelán ao galego os dous aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (José Ramón Carril Carril e Mohamed Yahyaoui), por non acreditar estar en posesión do Celga 2, ou equivalente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, serían as seguintes:

- Me llamo Alba y vivo en Arzúa
- Mi coche es de color verde
- La puerta de micasa es bastante grande.
- Las patatas están listas para recoger.

Así, unha vez entregado o folio que contén as catro frases en castelán, co suficiente oco entre as frases para poder ser traducidas ao galego; fíxose saber aos dous aspirantes que dispoñían de dez minutos para realizar esta tradución, sen a axuda do dicionario, desde as 13.20 horas ata as 13.30 horas.

Dándose a circunstancia de que, antes de transcorrer o prazo dos quince minutos, os dous aspirantes entregaron exercicio realizado; polo que acto seguido procedeuse a súa corrección;

outorgándoseles as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Proba galego
Mohamed Yahyaoui	0,55
José Ramón Carril Carril	0,45

En consecuencia con todo o exposto; e resultando (*conforme ao disposto na Base Décima*):

-Que a puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida na fase de concurso de méritos, na entrevista, e na proba de galego.

-Que a Comisión Seleccionadora aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. alcalde -para súa contratación- aos cinco aspirantes que obtiveran as maiores puntuacións.

- Que, para o suposto de que algún dos aspirantes propostos non poidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renunciase a tal contratación, esa proposta trasladaríase a favor do seguinte ou seguintes aspirantes en orde de puntuación.

Adoptáronse –por unanimidade dos catro membros integrantes da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Formular a proposta de contratación a favor dos aspirantes: **José Ramón Carril Carril, David Rodríguez Sánchez, Alberto Vázquez Vázquez, Roberto Balado Sangiao e Asunción Crego Alario**, para desempeñar os postos de peóns, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Cuarta das que rixen este proceso de selección; por canto que tales aspirantes obtiveron as maiores puntuacións totais, tal como se deduce do cómputo de puntuacións que figuran no seguinte cadro:

DNI ou Nº Permiso de residencia	Nome e apelidos	Méritos	Entrevista	Galego	TOTAL
78783890N	Ana Isabel Iglesias Pampín	4,1	3	1	8,1
33254133C	José Ramón Carril Carril	11,25	3	0,45	14,7
X53606376	Mohamed Yahyaoui	1	1	0,55	2,55
44836349B	David Rodríguez Sánchez	10	3	1	14
33266819X	Asuncion Crego Alario	7,25	4	1	12,25
45960139K	Roberto Balado Sangiado	7,5	4	1	12,5
78805258J	Juan Antas Rodríguez	3	1	1	5
45870067V	Alberto Vázquez Vázquez	9	3	1	13
78808237W	David Seijo Sánchez	2,1	1	NP	3,1
33267559Z	Miguel Angel Meijide Cesar	6	3	1	10
33294590C	María del Sol Vázquez Garea	4,25	1	NP	5,25
78787496F	Miguel Angel Castro Valiñas	0	1	NP	1
44847994H	Victor Pena Otero	10	1	1	12

**Segundo.-** Concretar que, para o suposto de que algún dos cinco aspirantes propostos non presentase a documentación necesaria para ser contratado, dentro do prazo os tres días hábiles seguintes ao da publicación deste acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, ou renuncie en calquera momento a súa contratación, a proposta realizada ao seu favor entenderase realizada a

favor do seguinte ou seguintes aspirantes en orde de puntuación.

**Terceiro.**- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar desta acta:

**a)** Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

**b)** Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que os aspirantes propostos poidan presentar a documentación esixida na Base Decimoprimeira das que rixen o proceso de selección.

Co cal douse por rematado o acto, ás 13.40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.